

XEFATURA DO ESTADO

22689 *LEI 41/2006, do 26 de decembro, de creación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais.* («BOE» 309, do 27-12-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada polas leis 74/1978, do 26 de decembro, de normas reguladoras dos colexios profesionais e 7/1997, do 14 de abril, de medidas liberalizadoras en materia de solo e de colexios profesionais, establece no seu artigo 4.4 que cando estean constituídos varios colexios da mesma profesión de ámbito inferior ao nacional existirá un consello xeral, para cuxa creación se precisa unha lei de Estado, segundo o previsto no artigo 15.3 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

Esta situación prodúcese na actualidade en relación coa profesión de educador social, cuxo título oficial de diplomado universitario foi establecido polo Real decreto 1420/1991, do 30 de agosto, polo que resulta procedente crear mediante esta norma o correspondente Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais.

Artigo 1. *Creación.*

Créase o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais como corporación de dereito público que terá personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins conforme a lei.

Artigo 2. *Relacións coa Administración xeral do Estado.*

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Disposición transitoria primeira. *Comisión Xestora.*

1. No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta lei constituirase unha comisión xestora composta por un representante de cada un dos colexios oficiais de educadoras e educadores sociais actualmente existentes.

2. A Comisión Xestora elaborará no prazo de seis meses, contados desde a entrada en vigor desta lei, uns estatutos provisionais reguladores dos órganos de goberno do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais, nos cales se deberán incluír as normas de constitución e funcionamento dos ditos órganos, con determinación expresa da competencia independente, aínda que coordinada, de cada un deles.

3. Os estatutos provisionais remitiranse ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, que verificará a súa adecuación á legalidade e ordenará, se é o caso, a súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Disposición transitoria segunda. *Constitución do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais.*

1. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais quedará formalmente consti-

tuído e adquirirá personalidade xurídica e plena capacidade de obrar no momento en que se constituán os seus órganos de goberno, conforme o previsto nos estatutos provisionais a que se refire a disposición anterior.

2. No prazo dun ano desde a súa constitución, o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais elaborará os estatutos previstos no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, que serán sometidos á aprobación do Goberno, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

22695 *ORDE EHA/3929/2006, do 21 de decembro, pola que se establece o procedemento para a devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos e das cotas correspondentes á aplicación do tipo autonómico do imposto sobre as vendas ao retallo de determinados hidrocarburos por consumo de gasóleo profesional, se aproba determinado código de actividade e do establecemento e se actualiza a referencia a un código da nomenclatura combinada contida na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.* («BOE» 309, do 27-12-2006.)

O artigo cuarto da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, que modifica a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, introduce nesta un novo artigo 52 bis en que se recoñece o dereito á devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos satisfeito ou soportado respecto do gasóleo de uso xeral que fose utilizado como carburante no motor dos vehículos mencionados no dito artigo. Por outra parte, no artigo 52 bis.7 prevese que o procedemento para a práctica da dita devolución será establecida polo ministro de Economía e Facenda.

A disposición derradeira cuarta da citada Lei de medidas para a prevención da fraude fiscal modifica o artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, onde se regula o imposto sobre vendas ao retallo de determinados hidrocarburos, introducindo no dito artigo un número seis bis en que se prevé que as comunidades autónomas que fixasen un tipo de gravame autonómico para o gasóleo de uso xeral poderán non aplicar o dito tipo en todo ou en parte, e recoñece o dereito á devolución total ou parcial das cotas correspondentes á súa previa aplicación, respecto do gasóleo de uso xeral que fose utilizado como carburante no motor dos vehículos a que se refire a citada lei.

A disposición derradeira cuarta.dúas da Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, establece que a referida devolución será practicada pola Axencia Estatal da Administración Tributaria polo procedemento que sexa establecido polo Ministerio de Economía e Facenda, mentres as funcións inherentes á xestión do imposto continúen sendo exercidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Así mesmo, o artigo 98.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, atribúelle competencias ao ministro de Facenda para determinar os supostos e condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento de transcendencia tributaria.

En consecuencia, para facer factible a devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos, así como a devolución, total ou parcial, do tipo autonómico do imposto sobre vendas ao retallo de determinados hidrocarburos, aos diferentes titulares dos vehículos que soportaron os ditos impostos polo consumo do gasóleo, cómpre establecer o correspondente procedemento para a práctica destas devolucions.

Dentro do mencionado procedemento e para un efectivo control das adquisicións de gasóleo realizadas polos titulares das instalacións de consumo propio e das subministracións realizadas nestas aos vehículos autorizados, resulta necesario proceder á inscrición das ditas instalacións no rexistro a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e consecuentemente a crear a correspondente clave de actividade.

Por outra parte, o Regulamento (CE) número 1549/2006 da Comisión, do 17 de outubro de 2006, modifica o anexo I do Regulamento (CEE) n.º 2658/1987 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común, con efectos do 1 de xaneiro de 2007.

A citada modificación do Regulamento 2658/1987 trae consigo un cambio dos códigos incluídos nas partidas 38 23 e 38 24 e comporta a necesidade de modificar os correspondentes códigos da nomenclatura arancelaria e estatística recollidos na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, aos cales se vincula o ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, de acordo co establecido nas directivas comunitarias relativas á harmonización dos impostos especiais. Para tal fin, o artigo 18.2 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, habilita o ministro de Economía e Facenda para que proceda á actualización formal das referencias efectuadas nos códigos NC no texto da dita lei de se produciren variacións na estrutura da nomenclatura combinada.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Definicións.*

Para os efectos desta orde establécense as seguintes definicións:

1. «Base da devolución». Imposto de hidrocarburos. Estará constituída polo resultado de multiplicar algún dos coeficientes correctores previstos no artigo 52 bis.5 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, polo volume de gasóleo adquirido polo interesado, durante o período de referencia, expresada en miles litros, incluso contido en mesturas con biocarburantes, destinado á súa utilización como carburante nos vehículos autorizados.

2. «Base da devolución». Imposto sobre as vendas ao retallo de determinados hidrocarburos. Estará constituída, respecto de cada comunidade autónoma que fixase o tipo de devolución a que se refire a alínea 16.b) deste artigo, polo volume de gasóleo expresado en miles de litros que fose adquirido polo interesado en cada comu-

nidade autónoma e fose destinado á súa utilización como carburante nos vehículos autorizados.

3. «Censo de beneficiarios de devolucions por gasóleo profesional e de vehículos da súa titularidade». É o censo de titulares dos vehículos con dereito á devolución parcial do imposto sobre hidrocarburos a que se refire o artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e á devolución total ou parcial do tipo autonómico do imposto sobre vendas ao retallo sobre determinados hidrocarburos, segundo o previsto no artigo 9. seis bis da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

4. «Censo de instalacións de consumo propio de gasóleo profesional». É o censo das instalacións referidas no punto 10 dese artigo.

5. «Centro xestor». A unidade administrativa que, na esfera central da Administración tributaria do Estado, sexa competente para a xestión dos impostos especiais de fabricación.

6. «Contía máxima da devolución». A correspondente, de acordo coas bases da devolución definidas nos puntos 1 e 2 deste artigo, a un consumo máximo de 50.000 litros por vehículo e ano. Cando se trate de taxis, a contía máxima da devolución non excederá da que correspondería a 5.000 litros por taxi e ano.

7. «Entidade emisora». É a persoa ou entidade que, con cumprimento da normativa vixente en materia de emisión de medios de pagamento e logo de autorización do centro xestor, emite unha tarxeta-gasóleo profesional.

8. «Gasóleo profesional». Gasóleo de uso xeral utilizado polos vehículos autorizados a que se refire o punto 17 deste artigo, incluso cando este estea mesturado con biocarburantes.

9. «Cotas obxecto de devolución». As do imposto sobre hidrocarburos, segundo o disposto no artigo 52 bis da Lei 38/1992, de impostos especiais, e as do imposto sobre as vendas ao retallo de determinados hidrocarburos, segundo o disposto no artigo 9. seis bis, da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

10. «Instalación de consumo propio». O establecemento de recepción de gasóleo de uso xeral, que está habilitado exclusivamente para recibir con cargo ao Código de Actividade e do Establecemento (en diante CAE) o dito carburante, e para efectuar a subministración na mesma instalación aos vehículos do titular das instalacións de consumo propio. As instalacións de consumo propio débense inscribir no Rexistro a que se refire o artigo 40 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

11. «Instalación de venda polo miúdo». O establecemento que conta con instalacións fixas para a venda ao público para consumo directo de gasóleo de uso xeral e que está debidamente autorizado conforme a normativa vixente en materia de comercio de produtos petrolíferos para o exercicio de tal actividade.

12. «Oficina xestora». Para as instalacións de venda polo miúdo así como para as instalacións de consumo propio, a unidade administrativa que no ámbito territorial da Administración tributaria do Estado sexa competente para a xestión dos impostos especiais de fabricación.

13. «Período de referencia». O trimestre natural.

14. «Tarxeta-gasóleo profesional». É a tarxeta de débito, crédito ou compras, que foi autorizada polo centro xestor para efecto da súa utilización como medio de pagamento específico para a adquisición de gasóleo, respecto do cal se solicita a devolución dos impostos, válida unicamente para a subministración do vehículo autorizado indicado nesta. A tarxeta conterà de modo ben visible a expresión «Gasóleo profesional».

15. «Tipo de carburante». Para efectos da información que vai ser subministrada polos establecementos e das relacións de subministracións efectuadas, a que se

refire esta orde, o tipo de carburante identificarase con tres díxitos que reflectirán a porcentaxe de biodiésel contido no carburante, arredondado á unidade, cando a dita porcentaxe sexa superior ao 5 por cento en volume.

16. «Tipos de devolución». Serán os seguintes:

a) En relación co imposto sobre hidrocarburos, o previsto no artigo 52 bis.6.a) da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) En relación co imposto sobre as vendas ao retallo de determinados hidrocarburos, o que fixase a correspondente comunidade autónoma segundo o previsto no artigo 9 seis bis. 6.a) da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

17. «Titular do vehículo autorizado». Para efectos desta orde considerarase titular do vehículo autorizado a persoa ou entidade que conste como tal nos rexistros das autoridades competentes en materia de transporte; no seu defecto, a que figure como tal nos rexistros das autoridades competentes en materia de tráfico, seguranza viaria e circulación de vehículos de motor, segundo proceda.

18. «Vehículo autorizado». Teñen a consideración de vehículos autorizados:

a) Os vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, para efectos da devolución do imposto sobre hidrocarburos.

b) Os vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 9. seis bis da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, para efectos da devolución do imposto sobre as vendas ao retallo de determinados hidrocarburos.

Artigo 2. *Censo de beneficiarios de devolucións por gasóleo profesional e de vehículos da súa titularidade.*

1. O dereito a percibir a devolución dos impostos a que se refire esta orde recoñécelles a todos os titulares de vehículos que, con carácter previo aos consumos de gasóleo profesional nos motores destes, se encontren inscritos no censo de beneficiarios da devolución.

2. A inscrición no dito censo estará supeditada á presentación pola internet dunha solicitude. Cando se trate de beneficiarios da devolución dos impostos non residentes en territorio español con residencia ou establecemento permanente no resto da Unión Europea, deberán obter o correspondente número de identificación fiscal en España. Neste suposto, para os efectos das súas relacións coa Administración tributaria, os ditos beneficiarios non residentes en España deberán designar un representante con domicilio no territorio español e indicar o NIF do dito representante na solicitude.

a) Deberase facer constar na solicitude, como condición necesaria para a inscrición, modificación ou baixa no citado censo:

1.º NIF do solicitante.

2.º No caso de non-residentes, NIF do representante fiscal do titular da devolución.

3.º Data de inicio da actividade e, se é o caso, data de baixa desta.

4.º Identificación da entidade financeira e do código da conta bancaria, formato IBAN, á cal se efectuarán as transferencias das devolucións. No caso de contas correntes internacionais, o código SWIFT.

b) Pola súa vez, por cada un dos vehículos deberase incluír:

1.º Matrícula do vehículo que efectuará o consumo de gasóleo profesional.

2.º País comunitario de matriculación.

3.º Data de inicio e, se é o caso, de cesamento na actividade do vehículo.

4.º Nos vehículos de matrícula española destinados ao transporte de mercadorías aos cales a normativa lles exige tarxeta de transporte, consignarase o número desta, así como a masa máxima autorizada do vehículo.

5.º Nos vehículos de matrícula española destinados ao transporte de persoas, aos cales a normativa lles exixa autorización de empresa, consignarase o número desta.

6.º No caso de auto-taxis que non dispoñan de autorización concedida polo Ministerio de Fomento, en lugar desta consignarase o número de licenza municipal e o municipio a que esta corresponde.

7.º Nos vehículos matriculados no resto da UE, aos cales a normativa do seu Estado de residencia lles exixa autorización administrativa para o exercicio da actividade de transporte, consignarase o número desta e o nome do organismo expedidor da autorización.

3. Ás solicitudes presentadas asignaráselles un número de rexistro e serán tramitadas pola oficina xestora correspondente ao domicilio fiscal do titular da solicitude. Unha vez formalizados os extremos citados no número anterior, producirase, se procede, a inscrición no censo de beneficiarios. En caso contrario serán rexeitadas.

O estado de tramitación das solicitudes poderá ser consultado pola internet.

4. Calquera modificación ulterior dos datos consignados na solicitude inicial ou que figuren na documentación referida nesta deberá ser presentada pola internet á oficina xestora de inscrición. De igual modo deberase comunicar á dita oficina o cesamento na actividade que xera o dereito á devolución ou á inutilización dos vehículos para o desenvolvemento da dita actividade.

Ás solicitudes de cambio asignaráselles un número rexistro e o seu estado de tramitación poderá ser consultado pola internet.

A mencionada oficina xestora poderá, se é o caso, actuar de oficio respecto da modificación ou baixa no censo de beneficiarios e de vehículos inscritos neste.

Artigo 3. *Autorización das tarxetas-gasóleo profesional.*

1. As tarxetas-gasóleo profesional deberán ser autorizadas polo centro xestor, para efectos da súa utilización como medio específico de pagamento para a adquisición de gasóleo, respecto do cal se solicita a devolución dos impostos. Para iso, as entidades emisoras deberán solicitar a inscrición das ditas tarxetas no rexistro de tarxetas-gasóleo profesional e concederáselles un número de autorización, que utilizarán nas súas comunicacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria. A dita inscrición constituirá a autorización para todas as tarxetas que coa mesma denominación comercial sexan emitidas por unha mesma entidade.

2. A solicitude conterá, cando menos, os seguintes datos:

a) Número de identificación fiscal.

b) No suposto de entidades non residentes en España, con residencia ou establecemento permanente noutro Estado membro, NIF do representante da entidade en España.

c) Denominación comercial da tarxeta.

3. A validez da autorización queda condicionada, pola súa vez, a que a tarxeta-gasóleo profesional e o sistema de xestión e control do uso desta cumplan coas seguintes condicións:

a) A tarxeta-gasóleo profesional deberá ser emitida a nome do titular do vehículo autorizado e nela deberá constar o nome ou razón social do dito titular e a matrícula do vehículo autorizado.

Esta tarxeta poderá ser emitida a nome de persoas ou entidades residentes no ámbito territorial comunitario, distinto do ámbito territorial interno e que non dispoñan dun establecemento permanente situado neste último, sempre que sexan titulares dun vehículo censado previamente.

b) A entidade emisora da tarxeta deberá establecer un sistema de xestión que lle permita a presentación das relacións de subministracións efectuadas contra o seu aboamento coa tarxeta-gasóleo profesional, nos termos previstos no artigo 5.1 desta orde.

c) A autorización das tarxetas a que se refire o punto 1 deste artigo poderá ser revogada polo centro xestor cando as entidades emisoras das tarxetas-gasóleo profesional incumpran as obrigas exixidas para a súa autorización.

Artigo 4. *Subministración de gasóleo en instalacións de venda polo miúdo.*

Cando o gasóleo se lles subministre aos vehículos autorizados en instalacións de venda polo miúdo, o recoñecemento e a efectividade da devolución dos impostos estará condicionado a que o pagamento do gasóleo subministrado nestas instalacións se efectúe por medio da tarxeta-gasóleo profesional.

Para estes efectos, a utilización para o pagamento polos beneficiarios da dita tarxeta ten a consideración de declaración tributaria pola que se solicita a devolución.

Os titulares das instalacións nas cales se acepte a tarxeta-gasóleo profesional como medio de pagamento quedarán obrigados a subministrarlles ás entidades emisoras destas a información por cada subministración efectuada en cada período de referencia, a que se refiren os incisos b), c), d), e), f) e g) do artigo 5.1. desta orde.

Artigo 5. *Relación de subministracións con dereito a devolución dos impostos.*

1. As entidades emisoras das tarxetas enviaranlle á Axencia Estatal da Administración Tributaria a información das subministracións no prazo dunha semana desde que estas se efectuaron. Ante circunstancias extraordinarias derivadas de anomalías técnicas debidamente xustificadas, este prazo será ampliable a un mes. O envío da información axustarase ás especificacións técnicas que estableza a axencia tributaria, as cales estarán dispoñibles no enderezo <http://www.agenciatributaria.es>.

As entidades emisoras de tarxetas, por cada unha delas, deberán indicar para cada subministración:

a) Identificador unívoco do rexistro contable que reflecta a subministración realizada ou, se é o caso do axuste que con carácter positivo ou negativo se practica.

b) Código de identificación retallista (en diante CIM) da persoa por conta da cal se realiza a subministración.

c) Matrícula do vehículo autorizado.

d) Número de identificación fiscal (NIF) do seu titular.

e) Data e hora da subministración.

f) Litros de carburante subministrados.

g) Tipo de carburante cando resulte de aplicación o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 61/2006, do 31 de xaneiro, polo que se determinan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo e se regula o uso de determinados biocarburantes. O dito tipo consignarase de acordo co establecido no punto 15 do artigo 1 desta orde.

2. As entidades emisoras serán responsables da correspondencia entre os datos contidos nas ditas relacións e os que se deducen do uso da tarxeta-gasóleo profesional.

3. Os erros nos datos que dean lugar ao rexeitamento da subministración deberán ser emendados pola entidade emisora debendo proceder de novo ao envío dos datos correspondentes ás ditas subministracións.

Artigo 6. *Subministración de gasóleo en instalacións de consumo propio.*

Os titulares das instalacións de consumo propio, incluídos no censo a que fai referencia o artigo 2 desta orde, que dispoñan dun punto de subministración para consumo propio do gasóleo adquirido, previsto no artigo 1.10 desta disposición, deberán cumprir as seguintes condicións para obteren a dita devolución:

1.º Inscribirse no rexistro territorial da oficina xestora en cuxa demarcación se encuentre o correspondente establecemento, de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

2.º Contar cun sistema informático contable integrado cos aparellos expendedores, aprobado pola oficina xestora ou polo centro xestor cando o titular o sexa de distintas instalacións de consumo propio situados no ámbito territorial de diferentes oficinas xestoras. A dita contabilidade deberá reflectir o movemento do gasóleo recibido nas ditas instalacións e permitir obter os datos pormenorizados de cada unha das subministracións segundo o establecido no artigo 5 desta orde, excepción feita da referencia ao CIM, que se deberá substituír pola consignación do CAE. O dito sistema contable deberá conter, como mínimo, os seguintes datos:

a) No cargo anotarase a cantidade de gasóleo de uso xeral recibido en cada ocasión, con indicación da data da recepción e do nome ou razón social e do NIF e, se é o caso, do CAE do provedor. Indicarase igualmente a referencia do documento de circulación que amparase a circulación do gasóleo de uso xeral ata a instalación de consumo propio.

b) Na data anotarase cada unha das subministracións ou repostaxes de gasóleo que se efectúen aos vehículos autorizados do titular da instalación, con indicación da matrícula destes e demais datos relacionados no artigo 5 desta orde, coa excepción de que, en lugar do CIM, se consignará o CAE que lle corresponda á instalación de consumo propio.

3.º Os titulares de instalacións de consumo propio presentarán pola internet, ante a oficina xestora do domicilio fiscal do titular do establecemento, a relación de subministración no prazo de vinte días seguintes ao da finalización de cada período de referencia.

Artigo 7. *Aprobación do formato electrónico da relación de subministracións de gasóleo en instalacións de consumo propio e procedemento para a presentación telemática desta.*

1. Apróbase o formato electrónico «Relación de subministracións de gasóleo en instalacións de consumo propio» correspondentes ás efectuadas polos beneficiarios titulares das ditas instalacións.

2. A presentación telemática das relacións mencionadas no punto anterior efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) O declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet no enderezo: <http://www.agenciatributaria.es>, e na relación deberán constar os datos seguintes:

1.º NIF: 9 caracteres.

2.º Exercicio fiscal: as catro cifras do ano a cal corresponde o período polo que se efectúa a relación.

3.º Período: 2 caracteres (un número para indicar o trimestre seguido da letra T).

b) Para cada unha das subministracións efectuadas presentarse a información relacionada no artigo 5.1 desta orde, coa excepción de que o campo CIM será substituído polo CAE que corresponda á instalación de consumo propio.

c) A continuación procederase a transmitir a relación coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado no navegador para o efecto.

d) Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar relacións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

e) Se a relación é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla a declaración validada cun código electrónico de dezaseis caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, amosarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendar estes e volver presentar a relación de subministracións.

Artigo 8. *Devolución das cotas polas subministracións efectuadas.*

1. No momento da finalización de cada trimestre natural e con base nas relacións presentadas a que se refiren os artigos 5 e 7 anteriores, a oficina xestora correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario da devolución dos impostos acordará, se é o caso, a devolución das cotas correspondentes aos impostos obxecto desta, mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario na solicitude de inscrición no censo.

2. Para o cálculo da devolución aplicaranse os tipos de devolución do imposto sobre hidrocarburos e do imposto sobre vendas ao retallo sobre determinados hidrocarburos a que se refire o artigo 1.16 desta orde, vixentes na data da subministración. O beneficiario poderá consultar pola internet as subministracións autorizadas que servisen de base para o cálculo da devolución.

Artigo 9. *Código de actividade e do establecemento.*

Créase a clave de actividade «GP», «instalacións de consumo propio de gasóleo profesional», para a configuración do código de actividade e establecemento (CAE) e para a inscrición no rexistro territorial das instalacións de consumo propio definidas no artigo 1.10 desta orde, para efectos do disposto nos artigos 40 e 41 do Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo.

Este código será asignado pola oficina xestora de impostos especiais correspondente ao ámbito territorial das ditas instalacións.

Artigo 10. *Obrigas dos beneficiarios.*

1. O beneficiario con dereito a devolución deberá presentar, de forma obrigatoria pola internet á oficina xestora correspondente ao seu domicilio fiscal, unha declaración anual, dentro dos vinte primeiros días do ano seguinte ao da finalización do ano natural, na cal incluirá, por cada un dos vehículos da súa titularidade que estivesen inscritos no censo de beneficiarios no ano anterior, o número de quilómetros percorridos en 1 de xaneiro e en 31 de decembro do ano a que se refire a declaración. Para os vehículos que estean obrigados ao uso de tacógrafo, o dito dato obterase deste.

2. Cando os vehículos non pertencesen aos diferentes beneficiarios durante todo un exercicio, esta relación deberase referir, exclusivamente, ao período de tempo efectivo de titularidade destes.

Artigo 11. *Aprobación do formato electrónico da relación anual de quilómetros realizados e procedemento para a presentación telemática desta.*

1. Apróbase o formato electrónico «Relación anual de quilómetros realizados» correspondentes aos efectuados polos vehículos censados.

2. A presentación telemática das relacións mencionadas no punto anterior efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

O declarante porase en comunicación coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet no enderezo <http://www.agenciatributaria.es>, e na relación deberán constar os seguintes datos:

a) NIF: con 9 caracteres e exercicio fiscal, composto por catro cifras do ano a que corresponda o período polo cal se efectúa a relación.

b) Relación que hai que presentar: os datos enumerados no artigo 10 desta orde.

c) A continuación procederá a transmitir a relación coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado no navegador para o efecto.

d) Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar relacións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

e) Se a relación é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla a declaración validada cun código electrónico de dezaseis caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, amosarase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a emendar estes no formulario de entrada, ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

Artigo 12. *Actualización da referencia a un código NC contida no artigo 46 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

A referencia ao código NC 3824 90 99 que figura no artigo 46.1. g) 2.º da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, entenderase efectuada ao código NC 3824 90 98.

Disposición adicional primeira. *Habilitación ao director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Habilitase o director xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para a execución e cumprimento do previsto nesta orde.

Disposición adicional segunda. *Colaboración social.*

As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, polo que se desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios e, por outra parte, na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros documentos tributarios, poderán facer uso desta facultade respecto da presentación da solicitude/es e relacións previstas nesta orde.

Disposición transitoria única. *Prazo de formalización dos requisitos e momento ao cal se estende o dereito ás devolucións.*

Os beneficiarios das devolucións reguladas nesta orde, que se acollan á devolución dos impostos polas adquisicións de gasóleo realizadas desde o 1 de xaneiro de 2007, disporán dun prazo ata o 31 de marzo de 2007 para formalizaren os requisitos e obrigas previstos nesta orde.

As subministracións de gasóleo en instalacións de venda polo miúdo, realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2007, xerarán o dereito á devolución das cotas sempre que os titulares e os vehículos que utilizasen o gasóleo estean inscritos conforme o previsto nesta orde antes do 31 de marzo de 2007, e que os medios de pagamento utilizados cumpran os requisitos establecidos no seu artigo 3.3.a) no momento de terse efectuado a subministración de gasóleo e fosen autorizados antes do 31 de marzo de 2007.

Igualmente, as subministracións efectuadas a partir do 1 de xaneiro de 2007 nas instalacións de consumo propio xerarán o dereito á devolución sempre que os titulares das ditas instalacións cumpran os requisitos e as obrigas establecidos nesta orde antes da finalización do prazo anteriormente mencionado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de decembro de 2006.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

22785 *ORDE EHA/3948/2006, do 21 de decembro, pola que se aproban os díxitos identificativos das oficinas xestoras e as claves para configurar o código de actividade e establecemento (CAE) que identifica a actividade desenvolvida en relación cos impostos especiais de fabricación. («BOE» 310, do 28-12-2006.)*

Para os efectos do disposto no artigo 27 do Real decreto 258/1993, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento provisional dos impostos especiais, actualmente substituído polo artigo 41 do Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais, a Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 12 de xullo de 1993, pola que se establecen diversas normas de xestión en relación cos impostos especiais de fabricación, aprobou na norma segunda os díxitos identificativos das oficinas xestoras e as claves de actividade, que se recollían no anexo 8 desta.

Pola súa vez, a Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 4 de marzo de 1998, pola que se introducen modificacións nas ordes do 8 de abril de 1997 e do 12 de xullo de 1993, que establecen normas de xestión en relación cos impostos especiais de fabricación, modifica esta última orde, introducindo novas claves de actividade en relación co imposto sobre hidrocarburos e substituíndo íntegro o seu anexo 8, recollido como anexo III da nova orde.

Finalmente, a Orde EHA/226/2005, do 3 de febreiro, que modifica a Orde do 4 de marzo de 1998, pola que se modificaban as ordes do 8 de abril de 1997 e do 12 de xullo de 1993, que estableceron diversas normas de xestión en relación cos impostos especiais de fabricación, actualizando as claves de actividade do imposto sobre hidrocarburos, incorporou as correspondentes ás fábricas e depósitos fiscais de biocarburantes e dos establecementos retallistas que subministran gas licuado de petróleo (GLP).

Unha vez máis cómpre aprobar novas claves de actividade no ámbito do imposto sobre hidrocarburos, como consecuencia da publicación da Lei 22/2005, do 18 de novembro, pola que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas comunitarias en materia de fiscalidade de produtos enerxéticos e electricidade e do réxime fiscal común aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e se regula o

réxime fiscal das achegas transfronteirizas a fondos de pensións no ámbito da Unión Europea, que modifica a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, incluíndo o gas natural no ámbito obxectivo do imposto sobre hidrocarburos, o que comporta a suxeición do gas natural ás normas de xestión previstas regulamentariamente para o resto dos produtos obxecto do dito imposto e exige que os obrigados tributarios deban inscribir os establecementos relativos ao gas natural nas oficinas xestoras de impostos especiais, a teor do disposto no artigo 40 do Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais.

Tamén noutros impostos especiais se fixo sentir a necesidade de proceder á aprobación de novas claves de actividade, concretamente para configurar o código de actividade e establecemento (CAE) dos depósitos fiscais e operadores rexistrados de extractos e concentrados alcohólicos, o dos xeradores ou conxuntos de xeradores de enerxía eléctrica de potencia total superior a 100 quilowatts e o dos depósitos fiscais de bebidas alcohólicas e de elaborados do tabaco situados en portos e aeroportos e que funcionan exclusivamente como establecementos retallistas.

A necesidade de aprobación das novas claves a que se fixo referencia, xunto á dispersión das normas que, como se sinalou, regulan o tratamento e a asignación das claves de actividade dos distintos establecementos que se deben inscribir nos rexistros territoriais das oficinas xestoras de impostos especiais, aconsellan refundir todas elas nunha soa disposición.

Polo que se refire á habilitación normativa, o artigo 41.3 do Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais, autoriza o ministro de Economía e Facenda a establecer o repertorio das actividades e a determinar os díxitos e os caracteres identificativos a que se refiren os números 1 e 2 do mesmo artigo.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Aprobación do repertorio de actividades e dos díxitos e caracteres identificativos.

Para os efectos do disposto no artigo 41.3 do Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos impostos especiais, se aproba o repertorio das actividades a que se refire o número 1 do mencionado artigo, así como os díxitos e os caracteres identificativos a que se refire o número 2 deste e que figuran no anexo desta orde.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

Quedan derogadas a norma segunda da Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 12 de xullo de 1993, pola que se establecen diversas normas de xestión en relación cos impostos especiais de fabricación; a norma terceira 3.2, da Orde do Ministerio de Economía e Facenda, do 4 de marzo de 1998, pola que se introducen modificacións nas ordes do 8 de abril de 1997 e do 12 de xullo de 1993, que establecen normas de xestión en relación cos impostos especiais de fabricación, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de decembro de 2006.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.